

**NOTA DE PRENSA 033/23
3 DE XUÑO DE 2023**

**CATRO DE CATRO PARA SENRA E VÁZQUEZ NO CAMPIONATO GALEGO
TRAS IMPOÑERSE NO RALLYE DE PONTEVEDRA**

Víctor Senra e David Vázquez, aos mandos do Citroën C3 WRC, foron os gañadores do Rallye de Pontevedra, cuarta cita puntuable para o Campionato Galego da especialidade.

Senra e Vázquez firmaron o póquer de triunfos no certame autonómico de 2023, cun incontestable dominio durante as dúas xornadas que durou a proba, con epicentro en Sanxenxo.

O equipo do Citroën C3 WRC foi o mellor en todos os treitos realizados (nove, xa que a segunda pasada por Campolameiro foi anulada) cun crono final de 58:56.27, aventaxando finalmente ao segundo equipo clasificado, formado por Alberto Meira e Avelino Martínez en 1:17.964. Os pontevedreses fixéronse co cuarto triunfo consecutivo no Supercampionato Recalvi R5 e a Pirelli Driver Autia Top Ten A.

Completaron o podio da proba, nunha proba sobresaínte, José Lamela e José Ángel Fente, que no Skoda Fabia N5 están a confirmar a súa progresión no seu primeiro ano aos mandos dun vehículo 4x4 e lograron ademáis o triunfo na Garan N5 e a Pirelli Driver Autia Top Ten B.

Xusto a continuación, no cuarto lugar e moi preto de Lamela, Jorge Pérez Oliveira e Miriam Vera, no Suzuki Swift N5. Foron quintos clasificados finalmente os becados pola Federación Galega de Automobilismo, Alexis Vieitez e Cristian Álvarez, no Nissan Micra N5.

Nos formatos promocionais do campionato galego, primeiro posto dentro da Pirelli Driver Autia Top Ten C para Raúl Martínez e Bruno Pérez, seguido de David Rivas e José Vieitez e de Benito Puceiro e Christopher Telmo Otero.

Na Pirelli AMF, victoria para Dani Álvarez e Adrián Vázquez. A continuación, Marcos Sanromán e Unai Conde e David Amenedo e Antía García.

Joaquín Pérez Rey e Adrián Muñiz leváronse un triunfo rotundo no Volante FGA, seguidos de Álvaro Castro Laíño e Isidro Rey (Primeiro na PXP23) e Roberto Suárez con Cristian García.

Por último, na segunda proba do Criterium Recalvi / Beca 24, apaixonante loita polo primeiro lugar da clasificación, que finalmente caeu do lado de Adrián Vázquez e Melissa Lorenzo (Primeiro na Beca 24), con Adrián Torreiro e Pedro Rivas no segundo posto e Beni Porto e Ricardo Estévez, terceiro.

Declaracións dos principais equipos

Víctor Senra (1º Clasificado): “Un rallye perfecto aínda que estivo moi complicado. O obxectivo era gañar para seguir sumando e acadar o séptimo título. Quero agradecerlle ao meu equipo e ao meu copiloto David Vázquez o traballo realizado.

Alberto Meira (2º Clasificado): “Obxectivo cumprido. Con Víctor e o WRC é imposible gañarlle se non lle pasa nada, pero moi contentos. Levamos unha semana moi axetreada pero o equipo traballou a perfección e o coche foi moi ben. A pensar no Surco”.

José Lamela (3º Clasificado): “Estou moi contento, xa estaba ben de cuartos postos. Penso que foi un rallye moi positivo para nós. Estamos andando bastante rápido e as cousas están saíndo ben e agardo que fagamos un bo rally Sur do Condado”.

Raúl Martínez (Top Ten C): “A mañá foi bastante ben pero cando comezou a chover fomos un pouco máis tranquilos. Con este triunfo, no rally da casa, recuperamos un pouco a moral e xa pensamos no Sur do Condado”.

Dani Álvarez (Pirelli AMF): “A fin de semana foi moi ben. O venres saímos moi lentos pero soubemos recuperalos. Foi unha lástima o abandono de Pampi e de Álvaro, pero o final foi unha loita entre Marcos e máis eu xa que el estaba rondando fortísimo”.

Joaquín Pérez (Volante FGA): “Foi un día complicado, pero sempre acertamos cos neumáticos. Son unha persoa moi competitiva e afronto todas as probas igual, imos ao Sur do Condado coa mesma mentalidade”.

Adrián Vázquez (Criterium Recalvi / Beca 24): “Foi mi difícil, Adrián púxonos as cousas moi difícil e demostramos que cada vez temos máis ritmo. Apretamos o máis posible e o final fixémonos coa victoria.

Clasificación Final Rallye de Pontevedra

- 1.- Víctor Senra – David Vázquez // **58:56.27**
- 2.- Alberto Meira – Avelino Martínez // +1:17.964
- 3.- José Lamela – José Ángel Fente // +2:53.741
- 4.- Jorge Pérez Oliveira – Miriam Vera // +3:19.954
- 5.- Alexis Vieitez – Cristian Álvarez // +3:48.963

Clasificación provisional do Campionato Galego despois de catro probas:

1. Víctor Senra // 164
2. Alberto Meira // 140
3. José Lamela // 101
4. Javier Ramos // 58
5. Alexis Vieitez // 55